

PROGRAMACIÓN DOCENTE DE CORREPETICIÓN I-II SECCIÓN BILINGÜE ALEMÁN

CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE A CORUÑA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA

(ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015, DO 29 DE OUTUBRO)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN								
DISCIPLINA: CORREPETICIÓN CUADRIMESTRES I-II								
ESPECIALIDADE:	INTERPRETACIÓN				ITINERARIOS:		CANTO	
CARÁCTER:	DISCIPLINA OBRIGATORIA				TIPO DE CLASE:		INDIVIDUAL	
DEPARTAMENTO:	CANTO				XEFE DE DPTO.:		LORENZO DE LOS SANTOS GAGO	
CURSOS	1º curso	2º curso	3º curso	4º curso	COORDINADOR/A DA DISCIPLINA:		LORENZO DE LOS SANTOS GAGO	
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII
ECTS/CUAD.	1.5	1,5						
DOCENTES:	NOME E APELIDOS				EMAIL/TEL/WEB		TITORÍA	
	LORENZO DE LOS SANTOS GAGO				lorenzodelossantos@edu.xunta.gal		Luns, de 13:00 a 14:00	

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
<p>DESCRITOR: Desenvolvemento das dimensións básicas da interpretación cun segundo instrumento. Afondamento en repertorios especializados. Comprensión da variedade de enfoques estilísticos e requirimentos asociados á interpretación que confiren a esta disciplina un carácter flexible e adaptable aos estilos e tradicións interpretativas. Preparación adecuada para a interpretación en público. Aprendizaxe dunha lingua estranxeira a través dunha disciplina non lingüística.</p>	
<p>COÑECEMENTOS PREVIOS: Os requeridos na proba de acceso ao grao superior, e para cuadrimestres diferentes ao primeiro, coñecementos e habilidades adquiridas do cuadrimestre anterior.</p>	
<p>RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS: Directamente relacionada coas disciplinas de Repertorio (Oratorio, Lied, Ópera e zarzuela, Século XX-XXI), e de maneira propedéutica coa de música de cámara</p>	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1, T3, T5, T6
COMPETENCIAS XERAIS:	X3, X7, X8, X10, X13, X21, X25
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	E11, E12, E13, E14, E16, E10
<p>Ver a lista e descrición de competencias no Decreto 163/2015, do 29 de outubro</p>	

3. OBXECTIVOS	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
1.- Coñecer e interpretar obras de diferentes estilos cun nivel artístico e técnico axeitado do repertorio vocal con acompañamento orquestral mais representativo dos principais xéneros musicais vocais a través da redución pianística	Todas
2.- Desenvolver a capacidade de analizar formal e esteticamente as obras, formando un criterio profesional e persoal sobre os estilos, compositores e xéneros musicais.	X13, X21, E15.
3.- Coñecer as partes acompañantes das obras, tanto escritas orixinalmente para piano como reducións de partituras orquestrais.	T1, X19, E15.
4.- Aplicar en todo momento a audición polifónica escoitando simultaneamente as distintas partes ao mesmo tempo que se executa a propia.	T6, E13, E14, E15, X2.
5.- Desenvolver o sentido de adaptación ao pulso rítmico do acompañamento vocal, da afinación e do equilibrio agóxico e dinámico, e da capacidade de comprensión e resposta ante as indicacións do director musical/pianista.	T3, T5, T6, X3, X7, X13, E11, E13, E14
6.- Comprender e recoñecer a estrutura e o fraseo e articulación musical do repertorio traballado e a súa relación co texto e co concepto dramaturxico do mesmo	T1, T3, T5, X3, X21, E11, E12, E14, E110
7.- Valorar a importancia do coñecemento tanto da parte instrumental/solística como da orquestral/pianística para acadar un resultado óptimo na interpretación	T3, X3, E11, E12
8.- Adquirir os criterios propios, a sensibilidade artística e as capacidades precisas para interpretar o repertorio traballado, aplicando conceptos estéticos, estilísticos e musicais e solventando os problemas técnicos e interpretativos plantexados	Todas
9.- Preparar a actuación ante público, usando os xestos musicais necesarios, coordinando os procesos mentais e físico-mecánicos.	T1, T5, E110, X2, X11, E15,
10.- Coñecer e realizar os xestos musicais necesarios para tocar o repertorio có pianista acompañante.	T5, X7, E13, E14
11.- Concienciar ao alumno da importancia do traballo con pianista acompañante, así como da asistencia aos ensaios, a actitude e o traballo conxunto.	T1, X25, X19.
12.- Empregar o Alemán no contexto propio dunha clase de Correpetición, tanto a nivel oral como escrito; vocabulario específico, expresións propias da linguaxe académica, práctica de comprensión e expresión orais e escritas, etc.	T5 X8, X10, X21 E16

4. CONTIDOS E TEMPORALIZACIÓN			
TEMAS	DESCRITOR DE SUBTEMAS	SESIÓNS	
		C. I	C. II
1.- Práctica do repertorio vocal da materia de Repertorio con Instrumento de Tecla Acompañante.	<p>Lectura e proceso inicial de traballo, ensaio das obras a interpretar, resolución dos diferentes problemas técnicos e interpretativos, coñecemento da parte de acompañante do instrumento de tecla correspondente...</p> <p>Emprego do Alemán no contexto da práctica do repertorio da materia de Repertorio con Instrumento de Tecla Acompañante: vocabulario específico, expresións propias da linguaxe académica, práctica da comprensión e expresión orais e escritas, etc.</p>	5	5
2.- Adaptación e equilibrio entre solista/s e acompañamento pianístico/orquestral.	<p>Traballo da unidade expresiva, equilibrio sonoro, precisión de ataques, afinación, pulsación rítmica, respiración, timbre...</p> <p>Estudo e práctica dos xestos musicais necesarios para tocar con instrumentista de tecla acompañante.</p> <p>Emprego do Alemán no contexto da práctica do repertorio da materia de Repertorio con Instrumento de Tecla Acompañante: vocabulario específico, expresións propias da linguaxe académica, práctica da comprensión e expresión orais e escritas, etc.</p>	3	3
3.- Técnicas e conceptos fundamentais de interpretación musical dos xéneros vocais (Oratorio, Lied, Ópera e Zarzuela) que se relacionen para cada cuatrimestre. Adecuación á época e autor.	<p>Análise formal e estético das obras traballadas, articulación...</p> <p>Emprego do Alemán no contexto da práctica do repertorio da materia de Repertorio con Instrumento de Tecla Acompañante: vocabulario específico, expresións propias da linguaxe académica, práctica da comprensión e expresión orais e escritas, etc.</p>	3	3
4.- Interpretación en audición ou concerto público.	Desenvolvemento da capacidade de distribución de enerxía e concentración ao longo da actuación. Técnicas de relaxación. Aprendizaxe de conduta adecuada no escenario. Interpretación en público.	3	3
5.- Revisión e repaso do traballo realizado	Recapitulación de todos os aspectos traballados durante as clases	2	2
TOTAL SESIÓNS:		16	16
OBSERVACIÓNS: os diversos temas dos contidos non son compartimentos estancos entre si, senón que en todas as sesións de clase se tratan porcentualmente partes de todos os contidos.			

5. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍA						
TIPO DE ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	HORAS PRESENCIAIS		HORAS NON PRESENCIAIS		TOTAL HORAS	
	C. I	C. II	C. I	C. II	C. I	C. II
Actividades introdutorias: Realizar unha toma de contacto có alumno e coas posibilidades en función do programa a interpretar no cuadrimestre. Empregaráse o Alemán a nivel oral (comprensión e expresión) e escrito.	1	0	0	0	1	0
Exposición práctico-teórica: Realizar un traballo pedagóxico na aula en que o papel do profesor é o de guía, propoñendo situación e contextos que favorezan que os alumnos progresen e acaden un nivel de competencia axeitado. Empregaráse o Alemán a nivel oral (comprensión e expresión) e escrito.	14	14	0	0	14	14
Práctica individual: Estudar o programa do cuadrimestre seguindo as directrices proporcionadas polo seu profesor.	0	0	23	24	23	24
Actividades complementarias: Participar nas audicións así como en outras actividades organizadas polo Departamento. Empregaráse o Alemán a nivel oral (comprensión e expresión) e escrito.	2	2	0	0	2	2
Revisión e repaso do traballo realizado	2	2	0	0	2	2
Titorías:						
1. Individuais	1	1	0	0	1	1
2. De grupo	0	0	0	0	0	0
Actividades de avaliación:						
1. Probas	1	1	0	0	1	1
2. Revisión de probas	1	1	0	0	1	1
	TOTAL HORAS:				45	45

6. AVALIACIÓN			
FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS	PONDERACIÓN
6.1. CONVOCATORIA ORDINARIA			
6.1.1. AVALIACIÓN ORDINARIA (CON AVALIACIÓN CONTINUA)			
Interpretación en público do repertorio traballado	Interpretación musical das obras amosando dominio técnico do instrumento na execución das mesmas sen desligar os aspectos técnicos dos musicais.	T3, T6, X3, X7, X13, X21, E11, E12, E13, E14, E10	50%
Asistencia a clase e traballo semanal	Asistencia a clase. Preparación e progreso das obras a traballar. Atitude en clase. Uso do vocabulario específico, expresións propias da linguaxe académica, práctica de comprensión e expresión tanto a nivel oral como escrito en alemán.	T1, T3, T5, T6, X7, X25, E14	50%
6.1.2. AVALIACIÓN ORDINARIA (ADIANTO DE CONVOCATORIA-EXAME DECEMBRO)			
Interpretación en público do repertorio traballado	Interpretación musical das obras amosando dominio técnico do instrumento na execución das mesmas sen desligar os aspectos técnicos dos musicais.	T3, T6, X3, X7, X13, X21, E11, E12, E13, E14, E10	50%
Asistencia a clase e traballo semanal	Asistencia a clase. Preparación e progreso das obras a traballar. Atitude en clase. Uso do vocabulario específico, expresións propias da linguaxe académica, práctica de comprensión e expresión tanto a nivel oral como escrito en alemán.	T1, T3, T5, T6, X7, X25, E14	50%
6.1.3. AVALIACIÓN ALTERNATIVA (PERDA AVALIACIÓN CONTINUA)) (con máis de 3 faltas o alumno perde a avaliación continua)			
Interpretación en público do repertorio que o profesor pianista acompañante indicará xunto có anuncio de alumnos que perden a avaliación continua.	Interpretación musical das obras amosando dominio técnico do instrumento na execución das mesmas sen desligar os aspectos técnicos dos musicais.	Todas as competencias recollidas neste documento	100%
6.2. CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA			
Interpretación en público do repertorio que o profesor pianista acompañante indicará xunto có anuncio dos alumnos que perden a avaliación continua. Proba oral para avaliar a comunicación oral en Alemán	Interpretación musical das obras amosando dominio técnico do instrumento na execución das mesmas sen desligar os aspectos técnicos dos musicais.	Todas as competencias recollidas neste documento	100%
Observacións:			

7. ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS

DESCRICIÓN	CRITERIOS E PAUTAS
<p>Deberanse cumprir as disposicións vixentes no marco do establecido no Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.</p> <p>Asimesmo terase en conta a ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.</p>	<p>Aqueles que estableza a Consellería competente en materia de Educación.</p>

8. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E DOCUMENTOS

Materiais:
- Partituras das obras que estean a traballar nas clases de Canto e dos diferentes repertorios.

9. OBSERVACIÓNS

O alumnado que desexe optar a **Matrícula de Honra** deberá cantar, de memoria e por un tempo mínimo de 10 minutos, nunha audición extraordinaria convocada polo departamento, a tal fin, coa suficiente antelación.